

PROCEDIMENTO INTERNO PARA A CONVOCATORIA

CONSOLIDACIÓN INVESTIGADORA 2024

A Presidencia da Axencia Estatal de Investigación (AEI) vén de aprobar a convocatoria 2024 das axudas para incentivar a consolidación investigadora, encadradas no Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica y de Innovación 2024-2027, dentro do Programa Estatal de Recursos Humanos, Subprograma Estatal de Formación, Atracción y Retención del Talento Investigador e Innovador.

A contía total das axudas ascende a 50.000.000 €, establecéndose un máximo de 200.000 € por Investigador Principal (IP), incluíndo costes indirectos.

Estas axudas teñen por finalidade fomentar a consolidación da carreira profesional das persoas investigadoras, nacionais e estranxeiras, para que poidan desenvolver a súa carreira profesional dentro do Sistema Español de Ciencia, Tecnología y de Innovación (SECTI), incentivando a **creación de prazas de carácter permanente** nas institucións de adscrición e facilitando o **inicio ou afianzamento dunha liña de investigación** mediante a **financiación dun proxecto propio de I+D+i** así como a renovación e adecuación dos espazos e laboratorios e a mellora de equipamento necesarios para a súa execución.

Así pois, as actividades financiáveis incluídas nas actuacións son as seguintes:

- O **incentivo para a creación** e cobertura dunha **praza permanente** no eido de coñecemento do IP da actuación, **sempre que esta persoa non ocupara xa unha praza permanente na entidade beneficiaria ao inicio do período de presentación de solicitudes** (7 xullo 2024).
- A execución dun proxecto propio de I+D+i liderado polo/a IP da actuación
- A adecuación de espazos, renovación de laboratorios e similares, necesarios para o inicio e afianzamento da liña de investigación do/a IP. A inclusión deste último apartado non será obrigatoria. O coste non poderá superar o 30 % do importe concedido como coste de execución do proxecto de I+D+i.

As características das actuacións especificaranse na convocatoria. É importante destacar que non se financiarán actuacións que, directa ou indirectamente causen un prexuízo significativo ao medio ambiente («principio DNSH» polas súas siglas en inglés).

Os requisitos do/a IP da actuación son, a data de inicio de presentación de solicitudes (3 xullo 2024):

- Titulación de doutor.
- Estar en posesión do certificado R3 ou I3.
- Non estar ocupando un posto de traballo de carácter permanente na entidade solicitante, nin a unha entidade distinta se está adscrita nominalmente á entidade solicitante a través dun convenio xeral, acordo marco de colaboración ou equivalente.
- Non pertencer a algún dos corpos de funcionarios docentes universitarios das Universidades públicas, ni ser persoal investigador funcionario de carreira, nin estar contratado/a nunha Universidade pública española como profesor/a contratado/a doutor/a ou profesor/a permanente laboral ou equivalentes.
- Non ter superado un proceso selectivo o ter resultado proposto nun concurso para o ingreso ou acceso a algún dos corpos, escalas ou prazas recollidas no punto anterior.
- Non será necesaria a vinculación coa entidade solicitante no momento de presentar a solicitude, pero sí dende a lo menos, o inicio do quinto mes de execución do proxecto e ata a finalización do mesmo.

Poden acceder a toda a información sobre a convocatoria na seguinte ligazón:

<https://www.aei.gob.es/convocatorias/buscador-convocatorias/consolidacion-investigadora-2024>

Código Seguro De Verificación	SL4sONKdiMNqQY5n/0mjQA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	01/07/2024 13:47:03
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SL4sONKdiMNqQY5n/0mjQA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



PROCEDIMENTO E PRAZOS PARA PRESENTAR A SOLICITUDE NA UDC

A fin de poder establecer unha adecuada atención ás dúbidas por parte da comunidade investigadora así como unha eficiente xestión das candidaturas, detállase a continuación o procedemento interno a seguir para presentar as solicitudes a esta convocatoria.

As persoas candidatas deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Ter vinculación coa UDC no momento da solicitude.
2. Ter a contratación garantida coa UDC mediante algún tipo de programa ou proxecto durante toda a duración do proxecto de Consolidación Investigadora, no caso de ser beneficiario do mesmo.
3. Ser beneficiario na UDC dalgũa axuda ou programa de captación de talento que estea asociado á estabilización do beneficiario (p. ex.: Ramón y Cajal, Beatriz Galindo,...).
4. Dispor da acreditación de Profesor Permanente Laboral (PPL) ou Profesor Titular de Universidade (PTU) no momento da solicitude.

No caso concreto do persoal investigador contratado baixo as axudas **Ramón y Cajal**, poderán presentar a súa candidatura a esta convocatoria de Consolidación, se ben a posterior **obtención destas axudas implicará a renuncia ás condicións establecidas polo Programa berce** desde o momento no que se produza a súa estabilización.

De acordo con isto, establécese un procedemento interno de solicitude en dous pasos:

1. **Mostra de interese.** Ábrese un prazo ata o día **10 de xullo de 2024** (incluído), para que as persoas candidatas interesadas en presentar unha solicitude a esta convocatoria formulen a súa mostra de interese, que deberá facerse mediante comunicación por correo electrónico ás direccións coordinacion.investigacion@udc.gal e talento.ocpi@udc.gal, incluíndo polo menos o seguinte:
 - Nome do/a investigador/a.
 - Documentación xustificativa da acreditación de Profesor Permanente Laboral (PPL) ou Profesor Titular de Universidade (PTU).

Os investigadores recibirán resposta á súa expresión de interese nun prazo máximo de tres días hábiles trala recepción da comunicación por parte do vicerreitor.

2. **Presentación da solicitude.** Unha vez aceptada a candidatura, as persoas candidatas deberán remitir a documentación necesaria antes do **19 de xullo ás 14:00h**, co fin de proceder a súa validación interna por parte da UDC. Posteriormente as propostas serán presentadas polo/a investigador/a no portal habilitado a tal efecto na sede electrónica do Ministerio de Ciencia e Innovación, seguindo o procedemento oficial da convocatoria. Non se atenderán solicitudes fora dos prazos establecidos neste procedemento.

Para máis información poden poñerse en contacto coa Oficina de Captación de Personal Investigador (OCPI), ben a través do propio correo talento.ocpi@udc.gal ou ben por vía telefónica (ext. 2074).

O vicerreitor de Investigación e Transferencia

Código Seguro De Verificación	SL4s0NKdiMNqQY5n/0mjQA==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	01/07/2024 13:47:03	
Observacións		Páxina	2/2	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SL4s0NKdiMNqQY5n/0mjQA==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			